

**PREINSCRIPCIÓN E MATRÍCULA NOS MÁSTERES UNIVERSITARIOS****PARA O CURSO ACADÉMICO 2024/2025**

(Consello de Goberno do 19/12/2023)

O procedemento de preinscrición, admisión e matrícula nos másteres universitarios da Universidade da Coruña (UDC) realizarase segundo a regulación e trámites recollidos no Real Decreto 822/2021 de 28 de setembro polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, na Normativa de Xestión Académica da UDC aplicable, así como no Regulamento da Matrícula Condicionada en Másteres Universitarios Oficiais da UDC, sen prexuízo de calquera outra norma específica aplicable.

Para acceder ás ensinanzas oficiais de máster será necesario estar en posesión dun título universitario oficial español de grao ou equivalente, ou no seu caso dispoñer doutro título de máster universitario, ou títulos do mesmo nivel que o título español de grao ou máster expedidos por universidades e institucións de educación superior dun país do EEES (véxanse os anexos II e III) que no dito país permita o acceso aos estudos de máster.

Do mesmo modo, poderán acceder a un máster universitario do sistema universitario español persoas en posesión de títulos procedentes de sistemas educativos que non formen parte do EEES, equivalentes ao título de grao, sen necesidade de homologación do título, pero sí de comprobación por parte da universidade do nivel de formación que impliquen, sempre e cando no país onde se expedira dito título permita acceder a estudos de nivel de posgrao universitario. En ningún caso o acceso por esta vía implicará a homologación do título previo do que dispoña a persoa interesada nin o seu recoñecemento para outros efectos que o de realizar os estudos de máster.

Excepcionalmente, de conformidade co disposto no artigo 18.4 do Real decreto 822/2021, o estudiantado ao que lle falte por superar o TFG e como máximo ata 9 créditos ECTS poderá acceder e matricularse nun máster universitario de acordo coa normativa da UDC para estes supostos, aínda que en ningún caso poderá obter o título de máster se previamente non obtivo o título de grao. Terá prioridade na asignación de prazas o estudiantado que dispoña do título universitario oficial de grao.

I. PREINSCRIPCIÓN

A solicitude de preinscrición realizarase a través da [aplicación de preinscrición da UDC](#). A documentación esixida para o acceso deberá subirse á plataforma informática no lugar indicado para iso, preferentemente en formato PDF.

As persoas solicitantes acreditarán o cumprimento dos requisitos de acceso e admisión para cada máster, nos prazos sinalados para realizar a preinscrición.

Código Seguro De Verificación	Tn5w9PLU0jnbiQXolAc6tA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente - Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	20/12/2023 15:00:04
	Vicerr. de Estudantes, Participación e Empregabilidade - María José Lombardía Cortiña	Asinado	20/12/2023 13:59:56
Observacións		Páxina	1/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Tn5w9PLU0jnbiQXolAc6tA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Na solicitude, ademais dos datos persoais e académicos, as persoas solicitantes deberán incluír un enderezo de correo electrónico que será o medio utilizado pola universidade para enviar as comunicacións derivadas deste proceso.

Poderán presentar unha única solicitude de preinscrición por cada opción de estudo e curso académico. Só por motivos xustificadas e a pedimento do/a interesado/a, poderase reactivar a solicitude para un novo prazo de preinscrición, se cumpre os requisitos de acceso. Para iso deberán enviar un correo electrónico a acceso.master@udc.gal

As solicitudes presentadas nun período de preinscrición que non obtiveran praza, pero estean en listaxe de espera, incorporaranse automaticamente aos restantes períodos, agás petición en contra do/a interesado/a.

Se se presenta a solicitude de preinscrición no prazo extraordinario en opcións de estudo que non teñan prazas vacantes, incorporaranse á listaxe de espera, e poderán ser admitidas se se produciran anulacións de matrícula.

Se a documentación presentada é correcta, validarase a solicitude. No caso contrario, cando se realice a revisión administrativa da mesma, enviarase á persoa interesada un correo electrónico para a súa corrección, no que se lle indicará o prazo que ten para emendala que, en todo caso, será ata o último día do prazo para formalizar as solicitudes.

II. DOCUMENTACIÓN

Todas as solicitudes de preinscrición deberán ir acompañadas, sen prexuízo do que estableza a normativa vixente aplicable, da seguinte documentación:

a) ALUMNADO CON TÍTULOS UNIVERSITARIOS DE SISTEMAS EDUCATIVOS DO ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR (EEES)

1. [Declaración responsable sobre cumprimento de requisitos e veracidade de copias achegadas.](#)
2. DNI ou pasaporte, en vigor.
3. Título que da acceso ao máster ou certificación supletoria provisional ou documento equivalente*.
4. Certificación académica oficial ou Suplemento Europeo ao Título (SET) na que conste a nota media do expediente calculada segundo o RD 1125/2003 de 5 de setembro. Se no mesmo non se reflicte a nota media do expediente en base 10, baremarase coa cualificación mínima (5 puntos).

* De maneira provisional, aceptarase a solicitude de expedición do título oficial. No caso de que a persoa solicitante resultase admitida, poderá matricularse, pero deberá entregar o título ou o documento acreditativo de estar en posesión do dito título, antes do inicio das datas de avaliación das materias do primeiro cuatrimestre.

Código Seguro De Verificación	Tn5w9PLU0jnbiQXolAc6tA==	Estado		Data e hora	
Asinado Por	Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente - Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado		20/12/2023 15:00:04	
	Vicerr. de Estudantes, Participación e Empregabilidade - María José Lombardía Cortiña	Asinado		20/12/2023 13:59:56	
Observacións					Páxina 2/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Tn5w9PLU0jnbiQXolAc6tA==				
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).				





5. As persoas solicitantes con títulos que no sexan do sistema universitario español, deberán presentar ademais unha [declaración de equivalencia da nota media do expediente académico universitario realizado en centros estranxeiros](#).
6. Os documentos expedidos nunha lingua diferente ao castelán deberán acompañarse da súa tradución oficial ao castelán ou galego.
7. As persoas solicitantes con titulacións obtidas en países do EEES non membros da UE ou asinantes do acordo sobre o Espazo Económico Europeo deberán presentar a documentación legalizada.
8. A documentación referente aos apartados VIII e IX deste documento, no caso de que opten á cota de prazas reservadas para estes colectivos.
9. Calquera outra documentación específica requirida pola comisión académica/de selección de cada máster.

No relativo á presentación da documentación esixida haberá que distinguir dentro do EEES, aos países membros da Unión Europea ou asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, que non se lles esixe ningún tipo de legalización (relación destes países no Anexo II), dos países que non son membros da Unión Europea ou asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, que sí deberán presentar os documentos académicos legalizados (relación destes países no Anexo III).

b) ALUMNADO CON TÍTULOS UNIVERSITARIOS DE SISTEMAS EDUCATIVOS ALLEOS AO ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR (EEES)

1. [Declaración responsable sobre cumprimento de requisitos e veracidade de copias achegadas](#).
2. DNI ou pasaporte, en vigor.
3. Título que da acceso aos estudos de máster debidamente legalizado.
4. Certificado expedido por unha autoridade competente que exprese que o título que posúe faculta, no país expedidor deste, para o acceso a ensinanza de máster ou de posgrao.
5. Certificación académica oficial dos estudos realizados debidamente legalizada, na que conste:
 - a. A duración oficial en cursos académicos/semestres/etc.
 - b. As materias cursadas.
 - c. A carga lectiva de cada materia (horas ou créditos).
 - d. A cualificación e a escala de cualificacións.
6. [Declaración de equivalencia da nota media do expediente académico universitario realizado en centros estranxeiros](#).

Código Seguro De Verificación	Tn5w9PLU0jnbiQXolAc6tA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente - Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	20/12/2023 15:00:04
	Vicerr. de Estudantes, Participación e Empregabilidade - María José Lombardía Cortiña	Asinado	20/12/2023 13:59:56
Observacións		Páxina	3/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Tn5w9PLU0jnbiQXolAc6tA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





7. Os documentos expedidos nunha lingua diferente ao castelán deberán acompañarse da súa tradución oficial ao castelán ou galego.
8. A documentación referente aos apartados VIII e IX deste documento, no caso de que opten á cota de prazas reservadas para estes colectivos.
9. Calquera outra documentación específica requirida pola comisión académica/de selección de cada máster.

Se a persoa solicitante non pode enviar a documentación legalizada, bastará de forma provisional con que envíe unha copia de ter solicitado a correspondente legalización ou apostila do título e da certificación académica.

c) ALUMNADO DO SISTEMA EDUCATIVO ESPAÑOL PENDENTE DE SUPERAR O TFG E MÁXIMO 9 CRÉDITOS ECTS (só prazo extraordinario)

1. [Declaración responsable sobre cumprimento de requisitos e veracidade de copias achegadas.](#)
2. DNI ou pasaporte, en vigor.
3. No apartado de "titulación de acceso" deberán subir a seguinte [Declaración responsable para admisión máster.](#)
4. Certificación académica na que conste a nota media do expediente calculada segundo o RD 1125/2003 de 5 de setembro.
5. A documentación referente aos apartados VIII e IX deste documento, no caso de que opten á cota de prazas reservadas para estes colectivos.
6. Calquera outra documentación específica requirida pola comisión académica/de selección de cada máster.

III. ADMISIÓN

A comisión académica/de selección do máster encargárase de establecer e aplicar os criterios de baremación, que se reflectirá na nota de admisión en cada opción de estudos. Ademais, modificará o estado das solicitudes na aplicación de preinscrición, que poderá ser:

- **Admitido/a:** cando unha solicitude cumpre os requisitos de acceso e admisión e, aplicado o baremo establecido pola comisión académica/de selección, correspóndelle unha das prazas ofertadas nesta opción de estudos.
- **Listaxe de espera:** cando unha solicitude que, cumprindo os requisitos de acceso e admisión, non lle corresponde unha praza, tendo en conta o baremo establecido pola comisión académica/de selección e o número de prazas ofertadas.
- **Denegado/a:** cando unha solicitude non cumpre os requisitos de acceso e/ou admisión para esa opción de estudos.

Código Seguro De Verificación	Tn5w9PLU0jnbiQXolAc6tA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente - Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	20/12/2023 15:00:04
	Vicerr. de Estudantes, Participación e Empregabilidade - María José Lombardía Cortiña	Asinado	20/12/2023 13:59:56
Observacións		Páxina	4/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Tn5w9PLU0jnbiQXolAc6tA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Unha vez finalizado o prazo de preinscrición en cada período, a sección de máster publicará no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC, as listaxes provisionais de solicitudes na que se reflectirá o estado das mesmas. Nas solicitudes con estado denegado, aparecerá o motivo da denegación. No caso das solicitudes en listaxe de espera incluírase a nota de admisión outorgada pola comisión académica/de selección.

Contra as listaxes provisionais poderase interpoñer reclamación nos prazos establecidos, mediante [correo electrónico](#) dirixido ao coordinador/a do máster se a reclamación se fundamenta en motivos académicos ou á sección de máster se a reclamación se basea na documentación xustificativa de cumprimento de requisitos de acceso. En ningún caso aceptárase nova documentación que non fora presentada no prazo de solicitudes.

O resultado das reclamacións reflectirase na aplicación de preinscrición na solicitude do máster na que presenta a reclamación. Si é favorable reflectirase na publicación da lista definitiva; si polo contrario non é favorable, a preinscrición non sufrirá modificación algunha.

Unha vez resoltas as reclamacións presentadas, a comisión académica/de selección asignará as prazas dispoñibles para a admisión en cada opción de estudo, tendo en conta a nota final de cada solicitude. A sección de máster publicará as listaxes definitivas de persoas admitidas, en listaxe de agarda e denegadas no TEO da UDC.

As persoas solicitantes poderán consultar o estado da súa solicitude na aplicación informática en calquera momento.

IV. MATRÍCULA

O procedemento correspondente á xestión da matrícula será competencia das administracións dos centros de adscrición do máster, onde as persoas convocadas a matrícula deberán presentar os orixinais ou a documentación compulsada, de ser o caso.

As persoas solicitantes admitidas nunha opción de estudos deberán matricularse nos prazos establecidos, a través da secretaría virtual na seguinte [páxina web](#). Se unha persoa solicitante foi admitida en máis dunha opción de estudos, só poderá formalizar a matrícula nunha delas, á súa elección. A non formalización da matrícula no período establecido suporá a perda da correspondente praza.

As vacantes que se produzan logo da matrícula do estudantado admitido, serán cubertas polas persoas integrantes da listaxe de espera, tendo en conta a súa nota final de admisión, ata cubrir a totalidade das prazas ofertadas. As notificacións correspondentes a estas adxudicacións realizaranse desde as administracións dos centros de adscrición dos másteres.

As persoas que xa estean matriculadas nunha opción de estudo, se son convocadas a unha nova opción polo movemento das listaxes de espera, poderán solicitar un cambio da súa matrícula na administración do centro de adscrición do máster.

As persoas solicitantes de bolsas, axudas, convenios etc. deberán acreditar esta circunstancia xunto coa documentación esixida, para a exención de prezos públicos.

Código Seguro De Verificación	Tn5w9PLU0jnbiQXolAc6tA==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente - Nancy Josefina Vázquez Veiga		Asinado	20/12/2023 15:00:04
	Vicerr. de Estudantes, Participación e Empregabilidade - María José Lombardía Cortiña		Asinado	20/12/2023 13:59:56
Observacións			Páxina	5/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Tn5w9PLU0jnbiQXolAc6tA==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			





As persoas tituladas conforme a sistemas educativos alleos ao EEES poderán acceder ás ensinanzas oficiais de máster sen necesidade da homologación dos seus títulos, logo de que a comisión académica/de selección do máster comprobe que estes acreditan un nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos universitarios oficiais españois e que facultan no país expedidor do título para o acceso a ensinanzas de posgrao. O acceso por esta vía non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo do que estea en posesión a persoa interesada, nin o seu recoñecemento para outros efectos que o de cursar as ensinanzas de máster.

A admisión e matrícula, terá carácter provisional condicionadas á concesión da declaración de nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos universitarios oficiais españois, de conformidade co disposto no artigo 18.2 do Real decreto 822/2021 así como ao cumprimento dos demais requisitos específicos que se establezan para cada máster.

Para a concesión da dita declaración de nivel de formación equivalente, o alumnado deberá presentar nas administracións dos centros de adscrición do máster, antes de que finalice o prazo correspondente a súa matrícula, unha solicitude dirixida ao reitor. Esta solicitude deberá ir acompañada dos documentos académicos debidamente legalizados e traducidos ou copia de ter efectuada a solicitude da correspondente legalización ou apostila do título e da certificación académica. E, de ser o caso, os documentos orixinais pertinentes que acrediten o cumprimento dos requisitos específicos. Así mesmo deberá pagar, xunto coa súa matrícula, as taxas correspondentes para a súa resolución.

Cando no prazo de matrícula indicado a persoa interesada non poida presentar a documentación requirida, a súa matrícula terá carácter de condicionada e en ningún caso poderá obter o título de máster universitario ata a obtención da declaración de nivel de equivalencia.

A resolución desestimatoria da declaración de nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos universitarios oficiais españois para o ingreso nos másteres universitarios, suporá a anulación de todos os actos que se derivan da admisión e matrícula.

Código Seguro De Verificación	Tn5w9PLU0jnbiQXolAc6tA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente - Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	20/12/2023 15:00:04
	Vicerr. de Estudantes, Participación e Empregabilidade - María José Lombardía Cortiña	Asinado	20/12/2023 13:59:56
Observacións		Páxina	6/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Tn5w9PLU0jnbiQXolAc6tA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



V. PRAZOS¹

PRAZO ANTICIPADO (*)		
<p align="center">Pode solicitar a preinscrición:</p> <p align="center">ALUMNADO CON TÍTULOS UNIVERSITARIOS OFICIAIS QUE DAN ACCESO A ESTUDOS DE MÁSTER</p> <p align="center">(titulacións tanto do EEES como alleas ao EEES, así como titulacións homologadas ou declaradas equivalentes polo ministerio competente).</p>		
Preinscrición	1 de febreiro -15 de maio 2024	En liña (páxina web UDC)
Publicación da listaxe provisional	17 de xuño de 2024	TEO (Sede Electrónica UDC)
Reclamacións	18 - 20 de xuño de 2024	Comisión académica / de selección do máster Sección de máster
Publicación da listaxe definitiva	26 de xuño de 2024	TEO (Sede Electrónica UDC)
Matrícula	27 xuño - 1 de xullo de 2024	En liña (Portal Académico UDC)

(*) A aprobación deste prazo anticipado deixa sen validez o apartado de "prazos para o curso 2024/2025 para o alumnado con títulos universitarios de sistemas educativos alleos ao EEES" da normativa de preinscrición e matrícula nos másteres universitarios para o curso académico 2023/2024, aprobado en Consello de Goberno do 26/01/2023.

O número total de persoas solicitantes admitidas neste prazo non superará o **50 % das prazas ofertadas** en cada máster (as prazas desta reserva que non se cubran acumularanse para o seguinte prazo). As solicitudes deste prazo que quedaran en listaxe de espera incorporaranse automaticamente ao seguinte prazo.

PRAZO ORDINARIO		
<p align="center">Pode solicitar a preinscrición:</p> <p align="center">ALUMNADO CON TÍTULOS UNIVERSITARIOS OFICIAIS QUE DAN ACCESO A ESTUDOS DE MÁSTER QUE NON SOLICITARAN A ADMISIÓN NO PRAZO ANTICIPADO</p> <p align="center">(titulacións tanto do EEES como alleas ao EEES, así como titulacións homologadas ou declaradas equivalentes polo ministerio competente)</p>		
Preinscrición	26 de xuño-10 de xullo de 2024	En liña (páxina web UDC)
Publicación da listaxe provisional	23 de xullo de 2024	TEO (Sede Electrónica UDC)
Reclamacións	23 - 25 de xullo de 2024	Comisión académica / de selección do máster Sección de máster
Publicación da listaxe definitiva	29 de xullo de 2024	TEO (Sede Electrónica UDC)
Matrícula	30 de xullo - 21 de agosto de 2024 ²	En liña (Portal Académico UDC)

Código Seguro De Verificación	Tn5w9PLU0jnbiQXolAc6tA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente - Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	20/12/2023 15:00:04
	Vicerr. de Estudantes, Participación e Empregabilidade - María José Lombardía Cortiña	Asinado	20/12/2023 13:59:56
Observacións		Páxina	7/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Tn5w9PLU0jnbiQXolAc6tA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





PRAZO EXTRAORDINARIO		
Poden solicitar a preinscrición: ALUMNADO CON TFG E UN MÁXIMO DE 9 ECTS PENDENTES E ALUMNADO TITULADO QUE NON SOLICITARA A ADMISIÓN NOS ANTERIORES PRAZOS		
Preinscrición	26 de agosto a 4 de setembro de 2024	En liña (páxina web UDC)
Publicación da listaxe provisional	16 de setembro de 2024	TEO (Sede Electrónica UDC)
Reclamacións	16 -17 de setembro de 2024	Comisión académica / de selección do máster Sección de máster
Publicación da listaxe definitiva	19 de setembro de 2024	TEO (Sede Electrónica UDC)
Matriculación	20 - 23 de setembro de 2024	En liña (Portal Académico UDC)

¹ Os prazos de preinscrición e matrícula rematan ás 23:59 horas do último día do prazo establecido (referido ao horario peninsular español).

² Por Resolución Reitoral do 1 ao 14 de agosto a Universidade da Coruña estará pechada.

VI. XESTIÓN DE MATRÍCULA DIRECTA NOS MÁSTERES CON PRAZAS VACANTES

Unha vez finalizados os prazos de preinscrición e matrícula para másteres universitarios oficiais da UDC, as persoas que reúnan os requisitos académicos esixidos poderán matricularse naqueles másteres nos que quedaran ou se produciran prazas vacantes e nas que as listaxes de espera se acabaran. Seguirase o procedemento que se establece a continuación:

1. O/a interesado/a deberá contactar coa persoa encargada da coordinación do máster a través dun correo electrónico, solicitando a súa admisión.
2. O/a coordinador/a do máster encargarse de dar, de ser o caso, o visto e prace ás solicitudes recibidas, respectando a súa orde de entrada ata cubrir as prazas vacantes, e de reenviar o correo electrónico do solicitante á sección de máster (acceso.master@udc.gal).
3. A sección pedirá ao/á interesado/a a documentación necesaria para realizar o rexistro da solicitude na aplicación SIGMA e validala, se cumpre os requisitos de acceso.
4. Unha vez validada a solicitude, se lle comunicará á persoa encargada da coordinación para que lle dé a admisión. A continuación, a administración do centro de adscrición do máster daralle o traspaso a matrícula e unha cita para a súa realización por autoservizo.

Código Seguro De Verificación	Tn5w9PLU0jnbiQXolAc6tA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente - Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	20/12/2023 15:00:04
	Vicerr. de Estudantes, Participación e Empregabilidade - María José Lombardía Cortiña	Asinado	20/12/2023 13:59:56
Observacións		Páxina	8/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Tn5w9PLU0jnbiQXolAc6tA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





5. O prazo máximo para a solicitude será o 18 de outubro de 2024. A partir desta data o procedemento será xestionado nos centros de adscrición dos másteres seguindo as instrucións que se aproben.

VII. PROCEDEMENTO ESPECÍFICO PARA O MÁSTER DE PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA, BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZA DE IDIOMAS

1) PREINSCRICIÓN, ADMISIÓN E MATRÍCULA

Seguirase o procedemento xeral indicado nos apartados anteriores, agás o referente aos prazos e a documentación que serán os que a continuación se especifican.

2) PRAZOS¹

PRAZO ÚNICO		
Pode solicitar a preinscrición: ALUMNADO CON TÍTULOS UNIVERSITARIOS OFICIAIS QUE DAN ACCESO A ESTUDOS DE MÁSTER (titulacións do EEES, así como titulacións homologadas ou declaradas equivalentes polo ministerio competente)		
Preinscrición	1 de febreiro -18 de xullo de 2024	En liña (páxina web UDC)
Publicación da listaxe provisional	26 de xullo de 2024	TEO (Sede Electrónica UDC)
Reclamacións	27 - 29 de xullo de 2024	Comisión académica / de selección do máster Sección de máster
Publicación da listaxe definitiva	30 de xullo de 2024	TEO (Sede Electrónica UDC)
Matrícula	31 de xullo – 21 de agosto de 2024 ²	En liña (Portal Académico UDC)

¹ Os prazos de preinscrición e matrícula acaban ás 23:59 horas do último día de prazo establecido (referido ao horario peninsular español).

² Por Resolución Reitoral do 1 ao 14 de agosto a Universidade da Coruña estará pechada.

3) DOCUMENTACIÓN

- [Declaración responsable sobre cumprimento de requisitos e veracidade de copias achegadas.](#)
- DNI ou pasaporte en vigor.
- Título que da acceso ao [itinerario do máster](#) ou certificación supletoria provisional.
- Certificación académica oficial ou SET na que conste a nota media do expediente calculada segundo o RD 1125/2003 de 5 de setembro. Se no mesmo non se reflicte

Código Seguro De Verificación	Tn5w9PLU0jnbiQXolAc6tA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente - Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	20/12/2023 15:00:04
	Vicerr. de Estudantes, Participación e Empregabilidade - María José Lombardía Cortiña	Asinado	20/12/2023 13:59:56
Observacións		Páxina	9/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Tn5w9PLU0jnbiQXolAc6tA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





a nota media do expediente en base 10, baremarase coa cualificación mínima (5 puntos).

5. Certificado B1 nun idioma estranxeiro (véxanse os certificados B1 admitidos en: <https://www.educacion.udc.es/mestrados/secundaria/?pagina=listadocertificadosadmitidos-b1>).
6. Documentación referente aos apartados VIII e IX deste documento, de ser o caso.

As persoas tituladas conforme a sistemas educativos alleos ao EEES que soliciten acceso ás ensinanzas oficiais de másteres universitarios que habilitan para o exercicio de profesión regulada, necesariamente deberán ter o seu título homologado ou declarado equivalente polo ministerio competente.

VIII. RESERVA DE PRAZAS AO ESTUDANTADO CON DISCAPACIDADE

Segundo o acordo adoptado polo Consello de Goberno do 29/03/2017, establécese unha reserva do 5 % das prazas ofertadas para estudos de máster universitario para o estudiantado que teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, así como para aquel estudiantado con necesidades educativas especiais permanentes asociadas ás condicións persoais de discapacidade, que durante a súa escolarización anterior precisase de recursos e apoio para a súa plena normalización educativa.

O estudiantado deberá acreditar esa condición no momento de efectuar a preinscrición correspondente mediante un certificado oficial de cualificación e recoñecemento do grao de discapacidade, expedido polo órgano competente de cada comunidade autónoma.

A ordenación e adxudicación das prazas reservadas realizarase atendendo aos criterios de valoración que sexan de aplicación a cada máster.

As prazas obxecto de reserva que queden sen cubrir serán acumuladas ás ofertadas pola Universidade no prazo ordinario establecido nesta normativa.

IX. RESERVA DE PRAZAS PARA DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL E ALTO RENDIMENTO

De acordo co disposto no artigo 9 do RD 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento, reservarase un 3 %, porcentaxe establecido pola Xunta de Galicia, nas prazas ofertadas para estudos de máster universitario, para quen acredite a condición de deportista de alto nivel e reúna os requisitos académicos correspondentes.

A ordenación e adxudicación das prazas reservadas realizarase atendendo aos criterios de valoración que sexan de aplicación a cada máster.

As prazas obxecto de reserva que queden sen cubrir serán acumuladas ás ofertadas pola Universidade no prazo ordinario establecido nesta normativa.

Código Seguro De Verificación	Tn5w9PLU0jnbiQXolAc6tA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente - Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	20/12/2023 15:00:04
	Vicerr. de Estudantes, Participación e Empregabilidade - María José Lombardía Cortiña	Asinado	20/12/2023 13:59:56
Observacións		Páxina	10/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Tn5w9PLU0jnbiQXolAc6tA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



**Anexo I. Requisitos que deben cumprir os documentos mencionados no apartado II**

1. Deberán ser oficiais e expedidos polas autoridades competentes.
2. O alumnado que posúa documentación nun idioma distinto do galego ou castelán, deberá acompañala da correspondente tradución oficial a calquera das dúas linguas oficiais na UDC, que deberá facer un/unha [profesional de tradución xurada](#), español/a ou autorizado/a no país de orixe polo Consulado Español.

Non será precisa a tradución oficial cando se trate de documentos redactados na lingua inglesa, francesa, portuguesa ou italiana. Nestes casos bastará a tradución que realice a propia persoa interesada, prevalecendo, se houbera discrepancia, a tradución que realice a UDC.

3. No suposto de documentación traducida con selo da tradución xurada nos casos en que ésta sexa necesaria, deberán enviar copias de:
 - a. Documentos orixinais sen traducir (sen selo da tradución xurada)
 - b. Documentos orixinais traducidos (con selo da tradución xurada)
4. Todos os documentos enviados xunto coa solicitude poderán ser copias simples, pero deberán subir unha declaración responsable de que os documentos e datos presentados son fidedignos.
5. As persoas solicitantes deberán presentar os orixinais para ser cotexados, no seu caso, na administración do centro de adscrición do máster.
6. A comisión académica/de selección de cada máster poderá requirir, se o considera preciso, a entrega doutra documentación.

Calquera omisión ou falsidade nos datos declarados e na documentación enviada poderán dar lugar a ser excluído do proceso de adxudicación de prazas e, no seu caso, á anulación da matrícula, independentemente das sancións administrativas ou penais que correspondan.

Nota aclaratoria. Legalización de documentos

Os documentos académicos expedidos no estranxeiro (títulos e certificacións académicas) deberán presentarse legalizados por vía diplomática o, de ser o caso, mediante a Apostila da Haia.

Para legalizar os documentos por vía diplomática deben ser presentados no:

- 1º Ministerio de Educación do país onde se expediron os documentos.
- 2º Ministerio de Asuntos Exteriores do país onde se expediron os documentos.
- 3º Representación diplomática ou consular de España nese país.

Para legalización de documentos expedidos por países asinantes do Convenio da Haia (véxase a relación destes países no Anexo IV), deben ser presentados no:

- 1º Ministerio de Educación do país onde se expediron os documentos.
- 2º Ministerio de Asuntos Exteriores ou ministerio correspondente do país onde se expediron os documentos.

Código Seguro De Verificación	Tn5w9PLU0jnbiQXolAc6tA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente - Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	20/12/2023 15:00:04
	Vicerr. de Estudiantes, Participación e Empregabilidade - María José Lombardía Cortiña	Asinado	20/12/2023 13:59:56
Observacións		Páxina	11/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Tn5w9PLU0jnbiQXolAc6tA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Anexo II. Países participantes do EEES membros da Unión Europea ou asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (non necesitan a legalización da documentación)

ALEMAÑA	FRANCIA	NORUEGA
AUSTRIA	GRECIA	PAÍSES BAIXOS
BÉLXICA	HUNGRIA	POLONIA
BULGARIA	IRLANDA	PORTUGAL
CHIPRE	ISLANDIA	REPÚBLICA CHECA
CROACIA	ITALIA	REPÚBLICA ESLOVACA
DINAMARCA	LIECHTENSTEIN	RUMANÍA
ESLOVENIA	LETONIA	SUECIA
ESPAÑA	LITUANIA	SUIZA (Por acordo bilateral coa UE)
ESTONIA	LUXEMBURGO	
FINLANDIA	MALTA	

Anexo III. Países participantes do EEES que non son membros da Unión Europea ou asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (necesitan a legalización da documentación)

ALBANIA	FEDERACIÓN RUSA	REINO UNIDO
ANDORRA	XEORXIA	SAN MARINO
ARMENIA	CASAQUISTÁN	SERBIA
AZERBAIXÁN	MACEDONIA DO NORTE	TURQUÍA
BIELORRUSIA	MOLDAVIA	UCRAÍNA
BOSNIA E HERZEGOVINA	MONTENEGRO	

Código Seguro De Verificación	Tn5w9PLU0jnbIQXolAc6tA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente - Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	20/12/2023 15:00:04
	Vicerr. de Estudiantes, Participación e Empregabilidade - María José Lombardía Cortiña	Asinado	20/12/2023 13:59:56
Observacións		Páxina	12/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Tn5w9PLU0jnbIQXolAc6tA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Anexo IV. Países asinantes do Convenio da Haia

ALBANIA	HONDURAS	SAINT-KITTS E NEVIS
ALEMAÑA	HONG KONG	SAINT LUCIA
ANDORRA	HUNGRÍA	SAINT VICENT E GRANADINAS
ANTIGA E BARBUDA	INDIA	SAMOA
ARXENTINA	IRLANDA	SAN MARINO
ARMENIA	ISLANDIA	SANTO TOME E PRÍNCIPE
AUSTRALIA	ILLAS MARSHALL	SERBIA
AUSTRIA	ISRAEL	SEYCHELLES
ACERBAIXÁN	ITALIA	SINGAPUR
BAHAMAS	XAMAICA	SUDAFRICA
BAHREIN	XAPÓN	SUECIA
BARBADOS	CASAQUISTÁN	SUIZA
BÉLXICA	KIRGUIZISTÁN	SURINAM
BELICE	KOSOVO	TAXIKISTÁN
BIELORRUSIA	LESOTO	TONGA
BOLIVIA	LETONIA	TRINIDAD E TOBAGO
BOSNIA E HERZEGOVINA	LIBERIA	TÚNEZ
BOSTWANA	LIECHTENSTEIN	TURQUÍA
BRASIL	LITUANIA	UCRAÍNA
BRUNEI-DARUSSALAN	LUXEMBURGO	URUGUAY
BULGARIA	MACAO	UZBEKISTÁN
BURUNDI	MACEDONIA	VANUATU
CABO VERDE	MALAWI	VENEZUELA
CHILE	MALTA	
CHIPRE	MARROCOS	
COLOMBIA	MAURICIO	*Extensión dos Estados Unidos:
COOK ILLAS	MÉXICO	PORTO RICO (como país asociado)
COREA DO SUR	MOLDAVIA	**Extensións dos Países Baixos:
COSTA RICA	MÓNACO	ARUBA
CROACIA	MONGOLIA	BONAIRE
DINAMARCA	MONTENEGRO	CURAÇAO
DOMINICA	NAMIBIA	SABA
ECUADOR	NICARAGUA	SAN EUSTAQUIO
O SALVADOR	NIUE	SAN ROMAN
ESLOVAQUIA	NORUEGA	***Extensións do Reino Unido:
ESLOVENIA	NOVA ZELANDA	ANGUILA
ESPAÑA	OMÁN	ANTÁRTICA BRITÁNICA
ESTADOS UNIDOS*	PAÍSES BAIXOS**	BAILIA DE GUERNSEY
ESTONIA	PALAUOS	BERMUDAS
ESWATINI (antes SWAZILANDIA)	PANAMA	XIBRALTAR
FIDJI	PARAGUAI	ILLA DE MAN
FILIPINAS	PERÚ	ILLAS CAIMÁN
FINLANDIA	POLONIA	ILLAS FALKLAND
FRANCIA	PORTUGAL	ILLAS MALVINAS
XEORXIA	REINO UNIDO***	ILLAS VIRXES BRITÁNICAS
GRANADA	REPÚBLICA CHECA	ILLAS TURKS E CAICOS
GRECIA	REPÚBLICA DOMINICANA	XERSEI
GUATEMALA	RUMANÍA	MONTSERRAT
GÜIANA	RUSIA	SANTA ELENA

Código Seguro De Verificación	Tn5w9PLU0jnbiQXolAc6tA==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente - Nancy Josefina Vázquez Veiga		Asinado	20/12/2023 15:00:04
	Vicerr. de Estudantes, Participación e Empregabilidade - María José Lombardía Cortiña		Asinado	20/12/2023 13:59:56
Observacións			Páxina	13/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Tn5w9PLU0jnbiQXolAc6tA==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

